

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3307 *Lei 4/2019, do 7 de marzo, de mellora das condicións para o desempeño da docencia e do ensino no ámbito da educación non universitaria.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

O Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, estableceu unha serie de decisións que pretendían conxugar os obxectivos de calidade e eficiencia do sistema educativo co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e o seu reflexo na contención do gasto público e na oferta de emprego público. A xustificación da introdución destas medidas, que se definiron como excepciónais no real decreto lei, veu referida á conxuntura económica do momento.

Desde aquela, tanto a favorable evolución da situación económica do país como a aprobación posterior doutras normas con incidencia en aspectos a que se refiren as medidas aprobadas, aconsellan a súa revisión á luz da situación actual, entendendo que se concibiron para ter reflexo no gasto público nunha conxuntura económica desfavorable nun determinado momento.

Así, en materia de educación non universitaria, o Real decreto lei 14/2012 aprobou, no seu artigo 2, a posibilidade de elevación ata nun 20 por 100 das ratios máximas de alumnos por aula establecidas no artigo 157.1.a) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para a educación primaria e secundaria obrigatoria, cando a Lei de orzamentos xerais do Estado non autorice a incorporación de persoal de novo ingreso mediante oferta de emprego público ou estabilidade, con carácter básico, unha taxa de reposición de efectivos inferior ao 50 por 100.

O feito de que as leis de orzamentos xerais do Estado para 2016, 2017 e 2018 establecesen xa unha taxa de reposición do 100 por 100 para o acceso aos corpos de funcionarios docentes nas administracións públicas con competencias educativas para o desenvolvemento da Lei orgánica de educación, leva implícita a asunción de que a situación económica conxuntural que motivou a aprobación do Real decreto lei 14/2012 quedou superada e, por tanto, resulta innecesario manter a medida aprobada polo Real decreto lei 14/2012. Tendo en conta ademais que nestes momentos, segundo o disposto polas leis de orzamentos xerais do Estado dos últimos anos, a supresión desta medida non ten impacto no gasto público, considérase, con todo, que o seu mantemento si tería un alto impacto na garantía dos estándares de calidade do ensino que se ven afectados coa elevación do número de alumnos por aula.

O Real decreto lei 14/2012 tamén estableceu no seu artigo 3, como segunda das medidas adoptadas no ámbito do ensino non universitario, o incremento da parte lectiva da xornada do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, en centros públicos e privados sostidos con fondos públicos, ata un mínimo de 25 horas en educación infantil e primaria e de 20 nas restantes ensinanzas, sen prexuízo das situacións de redución de xornada previstas na normativa vixente.

Ao ser este un aspecto que viña regulando cada Administración educativa, e aínda que o Tribunal Constitucional avalou a competencia do Estado para regular con carácter básico a xornada lectiva mínima dos docentes (SSTC 26/2016 e 54/2016, entre outras), ante o cambio de conxuntura económica e ao non concorreren xa as circunstancias que motivaron a aprobación da medida no Real decreto lei 14/2012, parece razoable revertir a situación e deixar novamente marxe ás diferentes administracións educativas para a regulación da materia. Cómpre ter presente, ademais, que isto non afecta a xornada laboral dos docentes, que se mantén nos mesmos límites que para o resto dos empregados públicos.

Por outra parte, o artigo 4 do Real decreto lei 14/2012, referido á substitución de profesores nos centros docentes públicos, establece que o nomeamento de funcionarios interinos por substitución transitoria dos profesores titulares se producirá unicamente cando transcorresen dez días lectivos desde a situación que dá orixe ao dito nomeamento, e que o período previo deberá ser atendido cos recursos do propio centro docente. Tras a modificación do citado artigo pola disposición derradeira décimo quinta da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para 2016, establécese unha serie de supostos en que se poderá proceder inmediatamente ao nomeamento de funcionarios interinos por substitución transitoria dos profesores titulares: cando o profesor substituído preste atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, cando preste servizo en centros docentes que teñan implantadas menos de dúas liñas educativas, cando imparta docencia en segundo curso de bacharelato e cando a causa da substitución sexa a situación de maternidade, paternidade, adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, de conformidade co Código civil ou coas leis civís das comunidades autónomas que o regulen.

Aínda que esta modificación aliviou a situación das administracións educativas, o certo é que a medida recollida no citado artigo 4 foi especialmente gravosa e excesivamente ríxida para a organización da actividade ordinaria dos centros docentes e tivo repercusións negativas na eficacia organizativa dos centros docentes así como na calidade do ensino e na atención ao alumnado.

Coa presente lei perséguese, por tanto, restablecer a situación anterior ao Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, ao desapareceren as circunstancias que motivaron a aprobación dunhas medidas cualificadas de carácter excepcional e implicar a súa supresión unha clara mellora das condicións para o desempeño da docencia e do ensino no ámbito da educación non universitaria, dispoñendo os efectos inmediatos derivados da derogación do artigo 4 do Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, mentres que, por razóns de planificación e organización do curso escolar, o disposto no artigo único da lei se aplicará a partir do inicio do curso escolar inmediatamente posterior á súa entrada en vigor.

A presente lei adécuase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En canto ao principio de proporcionalidade, a presente regulación garda o necesario equilibrio que permite proporcionar ás administracións educativas as medidas adecuadas para a eficacia organizativa dos centros docentes, o que redunda na mellora da calidade do ensino e na atención ao alumnado.

Artigo único. *Medidas de mellora da docencia.*

1. As administracións educativas proverán os recursos necesarios para garantir que non se supere o número máximo de alumnos por aula na educación primaria e na educación secundaria obrigatoria establecido no artigo 157.1.a) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e o fixado mediante norma regulamentaria para as restantes ensinanzas reguladas pola citada lei orgánica.

2. As administracións públicas con competencias educativas poderán establecer, no seu respectivo ámbito, a parte lectiva da xornada semanal do persoal docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros

públicos. Con carácter ordinario, recoméndase un máximo de vinte e tres horas nos centros de educación infantil, primaria e especial e un máximo de dezoito horas nos centros que impartan o resto de ensinanzas de réxime xeral reguladas pola dita lei orgánica.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados os artigos 2, 3 e 4 do Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

Disposición derradeira primeira. *Aplicación.*

1. As previsións contidas no artigo único desta lei serán de aplicación a partir do inicio do curso escolar inmediatamente posterior á súa entrada en vigor.

2. Coa finalidade de facer efectivas as previsións contidas nesta lei por parte das administracións educativas, a Administración xeral do Estado establecerá un marco de financiamento adecuado e suficiente.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta lei dítase con carácter básico ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado conforme o artigo 149.1 da Constitución: 18.^a, sobre bases do réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario dos funcionarios que, en todo caso, garantirán aos administrados un tratamento común ante elas, e 30.^a, relativa ás normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución co fin de garantir o cumprimento das obriga dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de marzo de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN